



consorcio de bibliotecas universitarias de galicia



ÍNDICE DE CONTIDOS

PRESENTACIÓN.....	3
CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO.....	6
CADRO DE PERSOAL.....	9
ORZAMENTO.....	13
ACTIVIDADES DO CONSORCIO.....	22
COLABORACIÓNS NO ÁMBITO DA XESTIÓN BIBLIOTECARIA DE SISTEMAS.....	24
SERVICIOS DE PROFESIONAIS AUTÓNOMOS	26
XESTIÓN ECONÓMICA-FINANCEIRA	27
ASESORÍA XURÍDICA.....	28
PAXINA WEB	29
BASES DE DATOS REFERENCIAIS: ESTATÍSTICAS.....	31
ANEXO I: CONVENIO DE CREACIÓN DO CONSORCIO.....	41
ANEXO II: ESTATUTOS.....	47
ANEXO III: CONVENIO SEDE DO CONSORCIO.....	57
ANEXO IV: CONVENIO RED DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.....	61
ANEXO V: CONVENIO INNOPAC UNIVERSIDADE DE VIGO.....	65
ANEXO VI: PLAN DE ACTIVIDADES 2002.....	69
ANEXO VII: PERFILES DO PERSOAL.....	70
ANEXO VIII: ORZAMENTO 2002.....	72

PRESENTACIÓN

Hai xa un ano da posta en marcha do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

O impulso inicial do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia veu dende a Xunta de Galicia, en concreto dende as Consellerías de Cultura, de Educación e de Presidencia, a través da Secretaría de Investigación e Desenvolvemento, as cales estiveron dende o comezo do proxecto en contacto e colaboración, e totalmente dispostas a financiar conxuntamente o proxecto na súa meirande parte. E así, o 4 de decembro de 1998, a Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, asinaron un Protocolo de intencións para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia.

A sinatura deste protocolo de intencións marcou o inicio dun proceso de colaboración que culminou o pasado **29 de novembro de 2001** coa **constitución do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia**, trala firma dun convenio, o 18 de novembro de 2001, entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, a S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para crear conxuntamente o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, dotándoo de recursos económicos propios.

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia naceu coa vontade de servizo á sociedade, coa personalidade e independencia precisas para poder desenvolver os seus obxectivos co máximo rigor e con pleno respecto á autonomía universitaria e co obxectivo fundamental de apoiar os servizos bibliotecarios das tres universidades galegas a través da cooperación interbibliotecaria.

A nosa labor máis inmediata neste primeiro ano de andaina foi continuar coa merca conxunta das bases de datos electrónicas que dan servizo ó colectivo de investigadores das tres universidades

galegas. Este servicio (BUGALICIA) xa viña desenvolvéndose con éxito dende o ano 2001, no que foi administrado polo CESGA.

Para poder continuar coa xestión deste servicio, o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia recibiu da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a cesión, por tempo indefinido, o equipamento informático preciso para levar a cabo a administración das bases de datos electrónicas contratadas.

Neste ano 2002, cabe salienta a contratación conxunta de 51 bases de datos electrónicas por un importe de 1.645.332 €, que dan servicios ós investigadores, docentes e persoal, en xeral, das tres universidades galegas.

Grandes provedores como ISI, Ovid, Proquest, Aranzadi, etc., están presentes nunha gran diversidade de áreas temáticas, como humanidades, tecnoloxía, medicina, economía, lexislación ...

Á meirande parte das bases de datos pódese acceder vía web, algunhas co seu propio entorno de traballo (Web of Science, Scifinder, etc.), e outras a través dunha ferramenta común de busca que proporciona o provedor (Webspirs, Proquest, etc.). Outra gran variedade de bases de datos é accesible en CD (CSIC, BNE, etc.).

As 2.770.549 consultas nestas bases de datos realizadas pola comunidade universitaria galega durante o ano 2002, avalan o éxito deste servicio e xustifican o esforzo económico realizado polas entidades participantes do Consorcio.

Outro dos nosos obxectivos neste primeiro ano, foi homoxeneizar as ferramentas de xestión bibliotecaria das tres universidades galegas, co fin de poder acometer proxectos bibliográficos conxuntos. Neste punto, tampouco non partíamos de cero, xa que o CESGA nos cedeu, por tempo indefinido, o software de xestión de bibliotecas Innopac, así como o hardware que o soporta, adquirido para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia e empregado pola biblioteca da Universidade de Vigo dende o ano 1998.

E xa para rematar, non queremos deixar pasar a oportunidade de agradecer, a José Ramón Leis Fidalgo, primeiro Presidente do Consello de Goberno, a súa inestimable colaboración e apoio na posta en marcha do Consorcio.

Así mesmo, facemos un recoñecemento moi especial ó antigo Secretario Xeral de I+D da Xunta de Galicia, Miguel Angel Ríos pola súa confianza nesta iniciativa de cooperación entre as bibliotecas das universidades galegas, crendo nela e avalándoa dende os seus comezos.

CONSTITUCIÓN DO CONSORCIO

Trala firma do convenio de creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia o 18 de outubro de 2001 (publicado no DOGA, xunto cos seus Estatutos, o 26 de novembro do mesmo ano) o Consello de Goberno reúnese o 29 de novembro do 2001, convocado pola Dirección Xeral de comunicación Social e Audiovisual, coa seguinte orde do día:

- Constitución do Consorcio e designación de cargos.
- Procedemento para a contratación do Director Técnico.
- Renovación do contrato de subministro de publicacións electrónicas.

O **Consello de Goberno** quedou integrado polos seguintes membros:

Pola Universidade de Coruña:

Vicerrector de Investigación: Alejandro Pazos Sierra
Adxunta ó Vicerrectorado de Innovación Tecnolóxica:
Nieves Rodríguez Brisaboa

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

Vicerrector de Investigación : José Ramón Leis Fidalgo
Presidente da Comisión da Biblioteca: Pedro Ortego Gil

Pola Universidade de Vigo:

Vicerrector de Investigación: Salustiano Mato de la Iglesia
Membro da Comisión de Bibliotecas: Juan Surís Regueiro

Pola Secretaría Xeral de I+D:

Secretario Xeral: Miguel Angel Rios Fernández

Dirección Xeral de Universidades:

Director Xeral: José Eduardo López Pereira

Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual:

Director Xeral: Ignacio Otero López

Polo CESGA:

Director Xerente: Javier García Tobío

Designación de cargos do Consello de Goberno:

Presidente: Nomeouse ó Vicerrector de Investigación da Universidade de Santiago. Este posto será rotatorio e de carácter bianual presidirá tamén a Comisión Técnica do Consorcio.

Vicepresidente: Nomeouse ó Secretario Xeral de I+D da Xunta de Galicia

Con relación ó punto 2 da Orde do día, acordouse formalizar o procedemento de acceso á praza de Director Técnico mediante concurso público de méritos. Nembargantes, decidiuse que desempeñara as funcións de Coordinación Técnica do Consorcio o persoal da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.

Con relación ó derradeiro punto da Orde do día, acordouse a subrogación do Contrato entre o CESGA e GREENDATA, asinado o 4 de decembro de 2000, para a contratación de bases de datos referenciais destinadas as tres universidades galegas, baixo a supervisión da **Comisión Técnica do Consorcio**, presidida polo Presidente do Consello de Goberno e integrada polos seguintes membros:

Pola Universidade de Coruña:

Director da Biblioteca Universitaria: Juan José Fuentes

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

Directora da Biblioteca Universitaria: María Virtudes Pardo

Pola Universidade de Vigo:

Subdirectora da Biblioteca Universitaria: Paz Canduela

Estas decisións supuxeron o punto de partida do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

O longo do 2002, os órganos de goberno do Consorcio reuníronse de xeito regular nas datas seguintes:

Comisión Técnica:

- 12 de decembro de 2001
- 5 de marzo de 2002
- 13 de maio de 2002
- 17 de outubro de 2002

Consello de Goberno:

- 27 de febreiro de 2002
- 20 de marzo de 2002
- 20 de maio de 2002
- 4 de novembro de 2002

Durante o pasado ano, producíronse modificacións importantes na composición dos membros dos órganos de goberno. Así, no mes de xuño de 2002 houbo un cambio de equipo rectoral na Universidade de Santiago de Compostela, polo que o novo Vicerrector de Investigación e Innovación, **Eduardo García-Rodeja Gayoso** relevou a José Ramón Leis Fidalgo como Presidente do Consello de Goberno.

Así mesmo, no mes de novembro do pasado ano, **Gerardo Marraud González** tomou posesión do cargo de Director da Biblioteca da Universidade de Vigo, e na súa consecuencia, pasou a formar parte da Comisión Técnica do Consorcio.

CADRO DE PERSOAL

O cadro de persoal do Consorcio foi proposto pola Comisión Técnica do Consorcio, integrada polos Directores das bibliotecas universitarias galegas, o día 5 de marzo de 2002 e aprobado polo Consello de Goberno o día 20 do mesmo mes.

O cadro de persoal quedou constituído polos seguintes postos de traballo:

Director Técnico
Bibliotecario do Sistema
Analista Programador

As **funcións** a desempeñar polo cadro de persoal son as seguintes:

Posto: **Director Técnico**

1.- Misión: Xestionar o Consorcio para prover ás institucións asociadas de servizos avanzados a través da cooperación interbibliotecaria.

2.- Funcións:

- Dirección e coordinación das actividades do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- Elaboración e presentación da Memoria de Xestión e rendición de contas do exercicio anterior.
- Elaboración do anteproxecto de orzamentos.
- Proposta e execución do Plan Anual de actividades.
- Análise técnica de admisión de novos membros no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- Proposta de regulamentos de operación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- Proposta de operacións de crédito destinadas a cubrir necesidades de tesourería.
- Contratación de persoal.
- Xestión de pagos e ingresos de acordo co orzamento.

- Dirección do persoal do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, así como contratacións de obras, bens e servizos.
- Establecer contactos con terceiras institucións e organismos para levar a cabo os obxectivos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia dando conta ó Consello de Goberno.
- Manter informado ó Presidente dos temas que excedendo as súas atribucións, pola súa urxencia, poidan afectar á consecución dos obxectivos marcados polo Consello de Goberno.
- Propoñer á Comisión Técnica a creación de grupos de traballo de apoio técnico.
- Calquera outra función que lle sexa delegada expresamente polo Consello de Goberno.

3.- Dependencias: Consello de Goberno.

4.- Postos dependentes:

Todo o persoal laboral ou subcontratado adscrito ó Consorcio.

5.- Relacións:

- Consello de Goberno
- Comisión Técnica
- Usuarios
- Provedores
- Organismos e institucións oficiais
- Medios de comunicación
- Institucións financeiras.

Posto: Bibliotecario del sistema

1.- Misión: Administrar e xestionar as diferentes bases de datos do sistema de xestión de bibliotecas para proporcionar o máis alto nivel de satisfacción ós usuarios dentro dos límites orzamentarios.

2.- Funcións:

- Administración das funcionalidades do sistema.
- Xestión de usuarios e autorizacións das bases de datos bibliográficas.
- Mantemento de:
 - ⇒ Os códigos e das táboas do sistema.
 - ⇒ As vistas externas do catálogo
 - ⇒ As funcionalidades do Web OPAC
 - ⇒ As pantallas HTML das distintas bases de datos do sistema
- Realización do back-up diario do sistema e verificación de copias de seguridade
- Análise estatístico das consultas dos usuarios.
- Utilización das ferramentas necesarias para a optimización das bases de datos bibliográficas.
- Soporte técnico ás institucións integrantes do Consorcio

3.- Dependencia: Director Técnico

4.- Postos dependentes: Ningún

5.- Relacións:

- Provedores de software de xestión de bibliotecas.
- Responsables técnicos de bibliotecas das institucións adheridas.

Posto: Analista – Programador

1.- Misión: Xestionar os sistemas informáticos e as comunicacións para proporcionar o máis alto nivel de satisfacción ós usuarios dentro dos límites orzamentarios.

2.- Funcións:

2.1.- Administración de sistemas e operación:

- Elaboración de normas e procedementos de explotación.
- Planificación do mantemento do hardware.

- Planificación da implantación de novas versións de software.
- Configuración dos sistemas.
- Xestión de usuarios e autorizacións.
- Plan de continxencia.
- Operación do sistema.
- Xestión de estatísticas dos sistemas.
- Determinación de problemas e resolución.
- Soporte informático á Xestión de Bibliotecas.

2.2.- Administración de comunicacións:

- Mantemento e operación dos equipos de comunicacións do Consorcio
- Xestión de estatísticas

2.3.- Soporte a interlocutores técnicos de asociados:

- Planificación dos recursos segundo demanda das institucións adheridas
- Resposta a preguntas técnicas dos asociados.

3.- Dependencia: Director Técnico

4.- Postos dependentes: Ningún

5.- Relacións:

- Provedores de hardware e software.
- Responsables técnicos das institucións adheridas.
- Responsable de RECETGA no CESGA.

A **selección do persoal** realizouse por concurso público de méritos, publicado o 28 de abril de 2002 e resolveuse coa contratación das seguintes persoas dende o 1 de xullo de 2002:

- Director Técnico: Victoria Millor Rego
- Bibliotecario do Sistema: Bárbara González Núñez
- Analista Programador: Vicente Piñeiro Vázquez

ORZAMENTO

O orzamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia para o ano 2002, aprobado polo Consello de Goberno, ascendeu a **1.868.378,38 €**.

GASTOS

A cifra de gastos fixada nos orzamentos para o ano 2002 foi de 1.868.378,38, os gastos reais a data 31/12/02 foi de 1.839.989,70 € o que supón unha redución con respecto o orzamento de **28.388,68 €** (1,5 %) . A cifra de gastos distribuíuse en:

- **Gastos correntes** ou de mantemento: 153.325,35 euros, reducíndose un 25% do inicialmente presupostado(204.776,88€), debido principalmente a unha menor actividade da entidade nos seus primeiros meses de funcionamento.
- **Inversións:** A cifra neste capítulo de gastos foi de 1.686.664,35 €, superándose a cantidade presupostada nun 1,4 %. Isto debeuse a que foi necesario realizar inversión en inmovilizado material (mobiliario, equipos para procesos de información, fotocopiadoras, centraliña teléfono) polo inicio da actividade . Este capítulo inclúe tamén as compras de bases de datos. O déficit financiose con cargo ó remanente de inversións do orzamento 2001(360.607,26 €), que proviña de transferencias de capital da Secretaria de I+D no momento fundacional do Consorcio .

INGRESOS

A cifra de ingresos fixada nos orzamentos para o ano 2002 era de 1.868.378,39 €, e a cifra de ingresos final foi de 1.841.052,33 €, o que supuxo unha minoración na cifra de ingresos de **27.326,06 euros** (1,4 %).

Esta minoración debeuse a redución na aportación da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual.

O volume de ingresos inclúe:

- Transferencias correntes: 177.450,82 €, minoradas nun 13% respecto da cantidade presupostada (204.776,88 €), debido a redución na aportación da D.X de Comunicación e Audiovisual
- Transferencias de capital: 1.663.601,51 €, coincide exactamente coa cifra presupostada
- Remanente de capital do exercicio 2001: 360.607,26 €.

LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2002

A liquidación do orzamento do exercicio 2002, realizouse sobre as cifras de gastos e ingresos definitivos deste exercicio.

Débase ter en conta que polo que respecta a cifra de ingresos existe un remanente orzamentario do 2001 de 360.607,27 €, que se incorporou automaticamente ó orzamento do 2002 ante a imposibilidade de executa-lo no citado exercicio económico.

Da execución do orzamento 2002 do Consorcio, despréndese unha cantidade positiva de **361.669,89 €** distribuída do seguinte xeito:

- Liquidación orzamento corrente:

A cifra definitiva de gastos correntes foi de 153.325,35 € e a de ingresos de 177.450,82 €, do que se deduce un resultado positivo no orzamento corrente de 24.125,47 €.

- Liquidación orzamento inversións:

A cifra destinada a inversións foi de 1.686.664,35 € e a de ingresos por este concepto de 2.024.208,77 €, (1.663.601,51- transferencias de capital do exercicio 2002 e 360.607,26- remanente orzamentario do 2001). A liquidación do orzamento de inversións ofrece tamén un saldo positivo de 337.544,41 € .

RESUMEN ECONÓMICO

	ORZAMENTO	DEFINITIVO
GASTOS	1.868.378,38 €	1.839.989,70 €
INGRESOS	2.228.985,65 €	2.201.659,59 €
DIFERENCIA POSITIVA		361.669,89 €

GASTOS

GASTOS CORRENTES	ORZAMENTO	REAL	DIFERENCIA
TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	57.865,45 €	36.775,93 €	21.089,52 €
REPARACIÓN, CONSERVACIÓN	53.908,42 €	46.455,71 €	7.452,71 €
SERVICIOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES	6.611,13 €	8.811,48 €	-2.200,35 €
PUBLICIDADE E PROMOCIÓN	11.978,25 €	1.670,40 €	10.307,85 €
ABASTECIMENTOS:COMUNICACIÓN	3.005,06 €	1.288,48 €	1.716,58 €
GASTOS VIAXES	4.808,10 €	2.864,85 €	1.943,25 €
MATERIAL DE OFICINA E CONSUMIBLES	6.048,50 €	4.635,09 €	1.413,41 €
COMUNICACIÓN	1.202,02 €	483,54 €	718,48 €
OUTROS GASTOS	3.005,06 €	1.070,50 €	1.934,56 €
GASTOS PERSOAL	56.344,89 €	49.269,37 €	7.075,52 €
TOTAL GASTOS CORRENTES	204.776,88 €	153.325,35 €	+ 51.451,53 €
INVERSIÓN	ORZAMENTO	REAL	DIFERENCIA
INMOBILIZADO INMATERIAL	1.645.331,69 €	1.654.205,16 €	-8.873,47 €
EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACIÓN	18.269,81 €	14.063,84 €	4.205,97 €
MOBILIARIO	0,00 €	18.395,35 €	-18.395,35 €
TOTAL INVERSIÓN	1.663.601,50 €	1.686.664,35 €	-23.062,85 €
TOTAL GASTOS	1.868.378,38 €	1.839.989,70 €	+ 28.388,68 €

INGRESOS

TRANSFERENCIAS CORRENTES	ORZAMENTO	REAL	DIFERENCIA
D.X UNIVERSIDADES	45.550,71 €	45.550,71 €	0,00 €
DX COMUNICACIÓN SOCIAL E AUDIOVISUAL	68.326,06 €	41.000,00 €	-27.326,06 €
UNIV DA CORUÑA	20.439,42 €	20.439,42 €	0,00 €
UNIV DE VIGO	20.439,42 €	20.439,42 €	0,00 €
UNIV DE SANTIAGO	20.439,42 €	20.439,42 €	0,00 €
APORTACIÓN UNIV DE VIGO(MNTO INNOPAC)	29.581,85 €	29.581,85 €	0,00 €
TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES	204.776,88 €	177.450,82 €	-27.326,06 €
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	ORZAMENTO	REAL	DIFERENCIA
SECRETARIA XERAL DE I+D	1.201.952,08 €	1.201.952,08 €	0,00 €
D.X UNIVERSIDADES	212.109,19 €	212.109,19 €	0,00 €
UNIV DA CORUÑA	83.180,08 €	83.180,08 €	0,00 €
UNIV DE VIGO	83.180,08 €	83.180,08 €	0,00 €
UNIV DE SANTIAGO	83.180,08 €	83.180,08 €	0,00 €
TOTAL TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.663.601,51 €	1.663.601,51 €	0,00 €
REMANENTE ORZAMENTARIO 2001	360.607,26 €	360.607,26 €	0,00 €
TOTAL TRANSF. CAP. + REMANENTE	2.024.208,77 €	2.024.208,77 €	0,00 €
TOTAL INGRESOS	2.228.985,65 €	2.201.659,59 €	-27.326,06 €

DETALLE EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS

1- GASTOS CORRENTES

SERVICIOS E ABASTECIMENTOS

607-TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS

CRÉDITO PRESUPOSTADO	57.865,45 €
GASTOS	
Soporte técnico a Public. Electr.- Xaneiro(Fujitsu)	6.611,13 €
Soporte técnico a Public. Electr.- Febreiro(Fujitsu)	6.611,13 €
Soporte técnico a Public. Electr.- Marzo -Xuño(Fujitsu)	15.710,46 €
Mantemento equipos informáticos(Fujitsu)	7.843,21 €
TOTAL GASTOS	36.775,93 €

DISPONIBLE	21.089,52 €
------------	-------------

622.7000- REPARACIÓN, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO

CRÉDITO PRESUPOSTADO	53908,42
GASTOS	
Mantemento del programa Innopac -Innovative	46.065,21 €
Conservación fotocopiadora	390,50 €
TOTAL GASTOS	46.455,71 €

DISPONIBLE	7.452,71 €
------------	------------

623- SERVICIOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES

CRÉDITO PRESUPOSTADO	6.611,13 €
GASTOS	
Asesoría financeira	2.880,00 €
Asesoría contable+fiscal	3.346,32 €
Asesoría laboral	497,16 €
Elaboración pregos económico-administrativos	2.088,00 €
TOTAL GASTOS	8.811,48 €

DISPONIBLE	-2.200,35 €
------------	-------------

627- PUBLICIDADE E PROMOCIÓN

CRÉDITO PRESUPOSTADO	11.978,25 €
GASTOS	
Publicidade prazas- La Voz de Galicia	556,80 €
Publicidade prazas- El Mundo	1.113,60 €
TOTAL GASTOS	1.670,40 €

DISPONIBLE	10.307,85 €
------------	-------------

629.7- ABASTECIMENTOS:COMUNICACIÓNS

CRÉDITO PRESUPOSTADO	3.005,06 €
GASTOS	
Instalación RDSI	197,11 €
Teléfonos Famitel	208,95 €
Cota conexión 2 meses+ consumo xuño-xullo	232,99 €
Consumo agosto fax	6,38 €
Cota conexión 2 meses+consumo agosto+setembro	208,31 €
Consumo setembro fax	0,81 €
Consumo outubro+novembro	431,21 €
Consumo fax nov	2,72 €
TOTAL GASTOS	1.288,48 €

DISPONIBLE	1.716,58 €
------------	------------

629.8001-GASTOS VIAJES

CRÉDITO PRESUPOSTADO	4.808,10 €
GASTOS	
Viaxe Barcelona 28/01/02	997,45 €
Viaxe Madrid 12/03/02	278,42 €
Viaxe Barcelona 16/05/02	733,46 €
Liquidación viaxes persoal Consorcio	658,96 €
Gastos aparcadoiro	196,56 €
TOTAL GASTOS	2.864,85 €

DISPONIBLE	1.943,25 €
------------	------------

629.0000-MATERIAL DE OFICINA E CONSUMIBLES

CRÉDITO PRESUPOSTADO	6.048,50 €
GASTOS	
Material oficina	647,87 €
Toner fotocopiadora	92,80 €
Consumibles oficina	844,06 €
Consumibles impresoras/ordenadores	201,56 €
Actualización papelería(Marujas Creativas)	1.921,42 €
Papelería(Marujas Creativas)	563,93 €
Carpetas y tarxetas(Marujas Creativas)	363,45 €
TOTAL GASTOS	4.635,09 €

DISPONIBLE	1.413,41 €
------------	------------

629.8000- COMUNICACIÓN(CORREOS, MENSAXEIRO, TRANSPORTES)

CRÉDITO PRESUPOSTADO	1.202,02 €
GASTOS	
Mensaxeiro(compra 50 sobres para envíos)	69,72 €
Envíos urgentes	403,68 €
Correos(caixa dec)	10,14 €
TOTAL GASTOS	483,54 €
DISPONIBLE	718,48 €

629.6000- OUTROS GASTOS

CRÉDITO PRESUPOSTADO	3.005,06 €
GASTOS	
Copias claves oficina	32,85 €
Comidas reunións consorcios	587,23 €
Comidas e bebidas outras reunións	195,42 €
Outros consumibles oficina	122,00 €
Plantas oficina	133,00 €
TOTAL GASTOS	1.070,50 €
DISPONIBLE	1.934,56 €

GASTOS DE PERSOAL

640. - NÓMINAS E S.S

CRÉDITO PRESUPOSTADO	56.344,89 €
GASTOS	
Nóminas	37.312,31 €
Seguridade Social	11.957,06 €
TOTAL GASTOS	49.269,37 €
DISPONIBLE	7.075,52 €

2.INVERSIÓN

216-INMOBILIZADO INMATERIAL

CRÉDITO PRESUPOSTADO	1.645.331,69 €
GASTOS	
Licencias GreenData	1.645.331,69 €
Adquisición Cd Rom Sabe	7.830,00 €
Sistema de Xestión Bibliotecaria-2002	1.043,47 €
TOTAL GASTOS	1.654.205,16 €

DISPONIBLE	-8.873,47 €
------------	-------------

226.0000 MOBLAXE

CRÉDITO PRESUPOSTADO	0
GASTOS	
Mobles oficina+despacho	15.518,91 €
Fotocopiadora+fax	1.793,00 €
Centraliña Telefónica	1.083,44 €
TOTAL GASTOS	18.395,35 €

DISPONIBLE	-18.395,35 €
------------	--------------

227.0000EQUIPOS PARA PROCESO DA INFORMACIÓN

CRÉDITO PRESUPOSTADO	18.269,81 €
GASTOS	
Ordenadores(3 portátiles+3 PC`S)	14.063,84 €
TOTAL GASTOS	14.063,84 €

DISPONIBLE	4.205,97 €
------------	------------

ACTIVIDADES DO CONSORCIO

Unha das principais tarefas do Consorcio durante o pasado ano 2002, foi dotar ó Consorcio de persoal propio, do asesoramento financeiro e laboral imprescindible para a xestión das obrigas legais do Consorcio, así como dunha imaxe corporativa e do mobiliario e equipamento necesarios para a execución dos nosos obxectivos.

Ase mesmo, o Consorcio, continua a dar o servizo de soporte técnico informático das bases de datos contratadas polo Consorcio, intentando dar apoio as universidades nós problemas e dúbidas xurdidas na xestión diaria deste servizo.

A longo do 2002 presentouse a posible creación dunha base de datos conxunta de Teses dixitalizadas das tres universidades galegas. Este proxecto non se puido levar a cabo no 2002, xa que hai demasiadas cuestións legais a ter en conta que esixen un análise moi pormenorizado en cada unha das universidades galegas.

No Plan de Actividades do 2002, suscitábase a posible posta en marcha do Catálogo Colectivo das bibliotecas universitarias de Galicia. Con respecto a este tema, hai que dicir que no ano 2000 realizouse un proxecto piloto de catálogo colectivo no que o resultado non foi aprobado polas universidades, xa que considerouse que non daba toda a información requirida nun catálogo colectivo.

Na reunión do Consello de Goberno do día 4 de novembro de 2002, decidiuse intentar homoxeneizar os sistemas de xestión das tres bibliotecas universitarias co fin de poder levar a cabo proxectos bibliográficos conxuntos, como a creación dun catálogo colectivo on-line sen procesos de migración de rexistros entre os sistemas das universidades.

A homoxeneización tamén permitiría por en marcha, dun xeito mais sinxelo dende o punto de vista informático, un tesouro de autoridades galego-castelán, proxecto moi interesante para as tres universidades galegas.

Durante o 2002 organizáronse os seguintes cursos de formación nas tres universidades galegas orientados ó uso das seguintes plataformas e bases de datos:

- Sabi y Amadeus
- La Ley
- Aranzadi
- Bases de datos consultadas a través de la plataforma de Proquest
- Bases de datos consultadas a través de la plataforma de Ovid

Así mesmo, tamén organizáronse presentacións de diferentes xestores de recursos de información electrónica existentes no mercado:

- SFX y Metalib, presentados por Greendata
- MAP de Innovative
- Onelog de IRIS

O longo do 2002, o froito dunha análise exhaustiva do aproveitamento dos recursos e as negociacións cotiás cos provedores e distribuidores repercutiron na contratación das bases de datos para a presente 2003, nun mellor aproveitamento dos orzamentos fornecidos polas tres universidades e a Xunta de Galicia.

Por último, o noso Consorcio asistiu as reunións periódicas que se organizan entre tódolos Consorcios de bibliotecas universitarias de España con motivo de asentar as bases dunha colaboración conxunta no marco das contratacións de recursos electrónicos. Os participantes destas reunións son o CBUC, Madroño, o Consorcio andaluz e o castelán-leonés.

COLABORACIÓN NO ÁMBITO DA XESTIÓN BIBLIOTECARIA DE SISTEMAS

O Consorcio asinou no 2002 un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Audiovisual para a posta en marcha dun proxecto de incorporación das bibliotecas públicas e de especial interese para Galicia a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

Para levar a cabo unha parte deste proxecto de gran envergadura, a Xunta de Galicia adquiriu o software de xestión de bibliotecas Millennium.

Deste xeito a colaboración entre o Consorcio e a Consellería de Cultura faise máis estreita; xa que é o mesmo software que están a probar as universidades galegas nun intento de homoxeneizar as súas aplicacións informáticas e así poder levar a cabo proxectos conxuntos no ámbito da xestión bibliotecaria.

O Consorcio traballa de cotío có Centro Superior Bibliográfico de Galicia e có Centro Multimedia de Galicia, organismos da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Audiovisual, encargados de levar a cabo a execución deste proxecto.

O Consorcio axuda na coordinación deste proxecto e, no marco do dito convenio de colaboración, os nosos compromisos foron os seguintes:

- 1) Colaborar na posta en marcha do sistema de xestión bibliotecaria Millennium da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 2) Cooperar na administración do devandito sistema de xestión, baixo os parámetros de execución convidados coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- 3) Apoiar a formación nos diferentes módulos de xestión bibliotecaria (catalogación, circulación, ...) as bibliotecas que se incorporen ó sistema en rede.

- 4) Contribuír na posta en marcha dun soporte on-line ás bibliotecas da rede que axude a resolver ás posibles incidencias e dúbidas relacionadas co funcionamento do software.

Ase mesmo o Consorcio comprometeuse a formar á persoa designada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para facer as tarefas de administración e mantemento do catálogo do sistema de xestión da rede de bibliotecas públicas de Galicia.

Ademais o Consorcio, no marco deste convenio, e como prestación dos nosos servizos á Consellería de Cultura, solicitou dos bolseiros do Centro Superior Bibliográfico de Galicia para apoiar nas labores diarias do Consorcio.

Neste mesmo ámbito de colaboración na xestión bibliotecaria de sistemas, o persoal do Consorcio traballa estreitamente coa biblioteca universitaria de Vigo, axudando nas posibles dúbidas xurdidas na xestión diaria do sistema de bibliotecas utilizado pola universidade.

Esta cooperación foi tamén establecida neste ano 2002 no marco dun Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Consorcio para compartir o uso do sistema de xestión de bibliotecas Innopac/Millennium adquirido para o desenvolvemento de Rede de Bibliotecas de Galicia polo CESGA no ano 1998 e cedido ó Consorcio trala súa creación.

SERVICIOS DE PROFESIONAIS AUTÓNOMOS

Como o Consorcio non dispón de persoal especializado nas tarefas económico-administrativas, como a tramitación de expedientes de gasto acordo cas normas de contratación pública, contabilidade financeira e orzamentaria, así como asesoramento laboral e financeiro, faise necesario externalizar estes servicios, contratando a profesionais autónomos.

Durante o ano 2002, estes servicios prestáronse de forma diferenciada por actividades, contratándose os que seguen :

- **Asesoría Laboral:** Encargouse dos trámites de contratación do persoal do Consorcio, así como tódalas xestións de carácter laboral precisas ó longo do ano (elaboración de nóminas, pagos á Seguridade Social, declaracións trimestrais e anuais de IRPF, etc.)
- **Asesoría Financeira:** Os servicios prestados foron a elaboración da contabilidade financeira do Consorcio, acorde co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e elaboración de Contas Anuais.
- **Asesoría económico- orzamentaria :** Os servicios contratados recolleron o desenvolvemento dos orzamentos do Consorcio, acorde coa Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, a tramitación de expedientes (gastos menores, contratos menores, concursos públicos) acorde coa contratación pública a que está sometida o Consorcio e o asesoramento en temas económico- administrativos, relacionados coa xestión dos actos económicos desenvolvidos ó longo do ano

XESTIÓN ECONÓMICA-FINANCEIRA

Realizáronse varias consultas destinadas a resolver as nosas dúbidas referentes a xestión económica- financeira do Consorcio:

- **Consulta formulada á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Economía e Facenda)**

Formulouse unha consulta relativa a xestión económica-financiera o e o papel da Intervención Xeral nos actos realizados polo Consorcio. A resposta emitida pola Intervención Xeral sinalaba que o Consorcio só tería unha intervención previa dos libramentos que periodicamente realizan as Consellerías integrantes, sen prexuízo dun posible control posterior das subvencións concedidas mediante un control financeiro. En ningún caso será obxecto de control interno, mediante fiscalización previa a xestión das subvencións outorgadas.

- **Consulta formulada á Dirección General de Tributos(Ministerio de Hacienda)**

A consulta formulada a DGT relacionábase coa tributación a efectos de IVA dos fondos recibidos polo Consorcio. A resposta emitida pola DGT, establecía que as aportacións das entidades consorciadas non están suxeitas ó imposto, dado que non constitúen en si mesmos contraprestación de operacións. Así mesmo, sinalábase que en caso de obter ingresos derivados de prestacións de servicios pola súa actividade de "Biblioteca", ditos ingresos, ó ser prestados por unha entidade de dereito público, estarían suxeitos pero exentos do imposto sobre o valor engadido. Ó non considerarse suxeito do imposto, non está obrigado a realizar declaracións de IVE

- **Consulta formulada ó Consello de Contas de Galicia**

Como organismo encargado de emitir dictámenes e consultas en materia de contabilidade pública e xestión económica-financiera, solicitóuselle unha consulta sobre varios aspectos de

réxime de xestión económico-financeira e contable do Consorcio. O Pleno do Consello de Contas acordou a contestación á consulta formulada coas seguintes consideracións:

- O Consorcio exercerá o control interno mediante as técnicas de auditoría contable atribuíndo esa función o persoal propio ou pertencente a algún dos entes consorciados que voluntariamente asuman esa función.
- O Consorcio está obrigado, como entidade de dereito público a render as súas contas ó Consello de Contas, debendo remitilas antes do 30 de xullo do exercicio seguinte ó da súa execución
- A tramitación de expedientes en materia económico-financeira rexerase polo réxime xurídico aplicable e resultante dos acordos e resolucións adoptados polos órganos competentes do Consorcio
- En función das necesidades operativas do Consorcio no relativo ó control de tesourería establececese a posibilidade de implantar unha caixa fixa que atenda gastos periódicos ou repetitivos

ASESORÍA XURÍDICA

Na reunión do Consello de Goberno do 20 de maio de 2002, acordouse por unanimidade que a universidade que ostente a Presidencia do Consello de Goberno, terá que aportar ó Consorcio os servizos da Asesoría Xurídica da súa universidade.


Deste xeito, a Asesoría Xurídica do Consorcio durante o 2002 foi a da Universidade de Santiago de Compostela.

PAXINA WEB


A mediados do 2002, unha vez postos en marcha os diferentes proxectos nos que se estaba a embarcar, o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia decidiu reconsiderar o deseño da súa páxina web na procura de evolucionar a un sistema máis dinámico e flexible que lle permita a incorporación de novos servizos de apoio á investigación coma revistas electrónicas, libros electrónicos, etc.

Así mesmo aproveitouse a reestructuración da páxina web para avaliar de novo as categorías das bases de datos e poder facilitar máis información de todas elas, prover cadansúas estatísticas de uso e facilitar ós usuarios noveles a utilización de tódolos recursos por medio de un buscador de termos que amosa ós resultados coincidentes coas palabras buscadas.


Novos métodos de formación tamén están contemplados e terán cabida neste actualizado deseño que pretende ser referencia común ás 3 universidades.



A seguinte gráfica representa as 38.506 veces que servimos a páxina principal da web do consorcio durante o 2002 distinguindo as efectuadas dende equipos das tres universidades e separando as alleas.



A seguinte gráfica amosa as 11.549 direccións IP diferentes que accederon ó noso servidor web ó longo do ano, o que pode representar aproximadamente a cantidade de visitantes distintos que accederon ó noso dominio algunha vez.



BASES DE DATOS REFERENCIAIS: ESTATÍSTICAS

O Consorcio investeu no 2002 un total de **1.645.332 €** (IVE incluído) na contratación de 51 bases de datos referenciais.

Estas bases de datos, distribuíronse a través de unha única empresa, GREENDATA, S.L,


A continuación amósase o presuposto invertido nas bases de datos, distribuídas por tres grandes áreas do coñecemento (Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Xurídico-Social) e unha multidisciplinar que agrupa aquelas bases de datos que dan cobertura a tódalas áreas:

DPTO.	BASE DE DATOS
MULTIDISCIPLINAR	Bibliografía Nacional Española
	Bibliografía National Française
	British National Bibliography
	CSIC - Bases de datos
	Current Contents Search - 7 Editions
	Dissertation Abstracts
	DocThèses
	Global Books
	Ulrich´s
	ISSN
	Journal Citation Reports - Social & Science
	Myriade
	Perinorm
	SIGLE
	Suscrinorma
	Web of Science
PRESUPUESTO INVERTIDO: 555.831,99 € *	

* A este importe habería que engadirle o importe do enlace as bases de datos SilverLinker (4.793,75 €).


DPTO.	BASE DE DATOS
CIENCIA E TECNOLOXÍA	AGRIS
	Analytical Abstracts
	Aqualine
	ASFA - Aquatic Sciences and Fisheries Abstracts
	Biological Abstracts
	IPA - International Pharmaceutical Abstracts
	Life Sciences Collection
	MathSciNet
	MathSciDisk
	Medical Library Proquest
	MEDLINE Standard
	SciFinder Scholar
	Soilcd
	Architectural Periodical Index
	Compendex
	FSTA
	INSPEC
	Pascal 3y
Urbadisc	
PRESUPOSTO INVERTIDO: 588.387,78 €	
HUMANIDADES	Acta Sanctorum
	Historical Abstracts Web
	LLBA Disc - Linguistics and Language Behavior Abstracts
	Humanities index
	MLA International Bibliography
	Periodical Contents Index Interntional Full Text
	Philosopher's Index
	Geobase
PRESUPOSTO INVERTIDO: 182.705,24 €	
XURÍDICO - SOCIAL	ABI INFORM
	AMADEUS
	ARANZADI Legislación Estatal
	EconLit
	ERIC
	FRANCIS
	La Ley
	SABI
PsycInfo	
PRESUPOSTO INVERTIDO: 313.615,93 €	

O seguinte gráfico ensina a porcentaxe do presuposto invertido na contratación das bases de datos por áreas.




En canto ó **tipo de soporte** de acceso as 51 bases de datos contratadas no ano 2002, 14 foron a través de CD-ROM e as 37 restantes consultáronse vía web.

O porcentaxe do orzamento invertido nas bases de datos distribuído por o tipo de soporte (web, CD ou ambas), amósase na gráfica que sigue:



En canto ós **usuarios potenciais** das bases de datos contratadas polo Consorcio, tomouse como referencia o número de profesores e alumnos de Terceiro Ciclo das tres universidades galegas o que supón un total de **8.067 usuarios potenciais de BUGALICIA**.

No seguinte gráfico pode verse como se distribúe o total dos usuarios potenciais do Consorcio por cada unha das tres universidades galegas.




No concernente ó **uso das bases de datos contratadas polo Consorcio**, hai que ter en conta que a gran maioría expresan as súas estatísticas polo número de consultas, aínda que unhas poucas, como no caso de Aranzadi e as que se consultan a través de CD, expoñen os seus datos polo número de accesos ou sesións.


O número total de consultas e sesións realizadas polas tres universidades galegas ás bases de datos contratadas polo consorcio durante o ano 2002, foi de **2.770.549**, repartidas da seguinte maneira:

- **Número de consultas: 2.732.130**
- **Número de sesións: 38.419**


O número de consultas distribuídas por cada unha das tres universidades galegas exprésase na seguinte gráfica.



O porcentaxe do número total de consultas por universidade amósase na gráfica que segue:



A seguinte gráfica amosa o número de consultas as bases de datos accesibles a través de web.




Considéranse aparte desta gráfica os datos da base de datos Aranzadi, accesible a través de web, xa que só dispoñemos do número de accesos, non do número de consultas:

➤ **ARANZADI: accesos web 11.298**

Hai que facer mención a bases de datos SciFinder de Chemical Abstracts, xa que, si ben o número de consultas e moi alto (106.943), o porcentaxe de usuarios rexeitados tamén foi altísimo, sendo, o longo do ano 2002, de máis dun 60% no caso da Universidade de Santiago, e dun 25% no caso da Universidade de Vigo.


A seguinte gráfica reflexa o número de accesos as bases de datos dispoñibles en CD.




Hai que ter en conta na gráfica anterior que non puideron contabilizarse tódolos accesos da Universidade de Vigo ás bases de datos en CD-ROM.

Outro dos aspectos estudados foi a relación entre o custo dunha base de datos e o número de consultas realizadas a dita base, coa intención de analizar un dos puntos a ter en conta no estudo da rendibilidade de cada unha das bases de datos.


Na gráfica seguinte detállanse aquelas bases de datos vía web nas que a relación PVP/consulta resultou inferior a 1€.



Pola contra, as bases de datos en web nas que a relación PVP/consulta resultou superior a 1€ amósanse na gráfica que segue.




No caso das bases de datos vía CD, a relación PVP/sesión foi a seguinte:




Hai que ter en conta que no caso da base de datos Acta Sanctorum, é unha compra, non unha subscripción anual, polo que a rendibilidade de esta base de datos terá que estudiarse a largo, non a curto, prazo.

En canto ós **editores/distribuidores** das bases de datos, a gráfica seguinte mostra o número de bases de datos contratadas polo Consorcio repartidas por editor/distribuidor e o orzamento invertido en cada un deles.



No análise do porcentaxe do orzamento invertido por editor/distribuidor, os resultados foron os que seguen:



ANEXO I: CONVENIO DE CREACIÓN DO CONSORCIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO, A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA E AS TRES UNIVERSIDADES DE GALICIA PARA A CREACIÓN DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

Santiago de Compostela, 18 de outubro 2001

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Jaime Pita Varela, Conselleiro de Presidencia e Administración Pública, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

O Excmo. Sr. D. Celso Currás Fernández, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

O Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 38, 43.3 e 44 da lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

O Ilmo. Sr. D. Miguel Angel Ríos Fernández, Secretario Xeral de Investigación e Desenvolvemento, como Presidente do Consello de Administración da S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia en virtude das facultades delegadas conferidas na reunión do seu Consello de Administración celebrada o 23 de marzo de 1998.

O Excmo. Sr. D. Darío Villanueva Prieto, Rector Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, en virtude da competencia atribuída no artigo 78 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

O Excmo. Sr. D. José Luis Meilán Gil, Rector Magnífico da Universidade da Coruña, en virtude da competencia atribuída no artigo 65 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

O Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Rector Magnífico da Universidade de Vigo, en virtude da competencia atribuída no artigo 97 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

EXPOÑEN

- 1.- Que con data 4 de decembro de 1998, a Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, asinaron un Protocolo de intencións para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 2.- Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración Autonómica á que lle corresponden as competencias e funcións en materia de coordinación e planificación do Sistema Universitario de Galicia.
- 3.- Que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, é o órgano da Administración Autonómica competente en materia de bibliotecas, polo que lle corresponde o desenvolvemento de recursos integrados nas redes de telecomunicacións da Xunta de Galicia para dar resposta ás necesidades existentes nesta materia.
- 4.- Que a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, ten atribuídas entre outras funcións, a ordenación, planificación e execución de competencias en materia de fomento da investigación e a elaboración da proposta, e se é o caso, execución de plans específicos de apoio para o acceso á información do persoal investigador.

5.- Que as tres Universidades de Galicia teñen, entre os seus obxectivos, proporcionar o mellor servizo bibliotecario ás respectivas comunidades universitarias.

6.- Que a S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia constitúese como un elemento fundamental no apoio ó desenvolvemento tecnolóxico da investigación en Galicia, dando soporte ó servizo compartido de publicacións electrónicas do Sistema Universitario de Galicia.

É por iso que as partes asinantes acordan subscribi-lo presente Convenio de Colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, a S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, todas elas gozando de autonomía neste campo, participan de común acordo e voluntariamente para crear conxuntamente o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, dotándoo cos recursos económicos necesarios.

Segunda.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia nace coa vontade de servizo á sociedade, con personalidade e coa independencia necesaria para poder desenvolve-los seus obxectivos co máximo rigor e con pleno respecto á autonomía universitaria.

Terceira.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia terá como obxectivo fundamental a mellora continua da calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria.

Cuarta.- Créase o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e apróbanse os seus Estatutos, que se acompañan no Anexo a este convenio.

Quinta.- A Xunta de Galicia e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia contribuirán anualmente, a partires do ano 2002, ó financiamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, con cargo os seus orzamentos de gasto, cun importe mínimo de 305.950.000.-ptas. (1.838.796,53 euros) dos que 29.150.000.-ptas. (175.195,03 euros) se destinarán a financiar gastos correntes do Consorcio e 276.800.000.-ptas. (1.663.601,50 euros) a investimentos. A este fin cada socio realizará en cada exercicio orzamentario, as contribucións que de seguido se indican con cargo as aplicacións orzamentarias que se sinalan:

ENTIDADE	APORTACIÓN A GASTOS CORRENTES	APORTACIÓN A INVESTIMENTOS
Xunta de Galicia- Cons. Educación e O.U.	7.579.000.-ptas. 07.05.322C.440.4	35.292.000.-ptas. 07.05.322C.741.0
Xunta de Galicia- Cons. Cultura e C.Social	11.368.500.-ptas. 10.04.432A.440.0	0
Xunta de Galicia-S. Xeral I+D	0	199.988.000.-ptas. 04.07.432A.740.0
Universidades (UDC, USC e UVI)	10.202.500.- ptas.*	41.520.000.-ptas.*

*: cada universidade aportará a terceira parte

Así mesmo e para o presente exercicio a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento aportará para investimento un total de 60.000.000.- ptas. con cargo á aplicación orzamentaria 04.07.432A.740.0 co fin de garantir os servizos das publicacións actualmente dispoñibles.

Sexta.- Créase unha Comisión de seguimento e interpretación deste convenio. As súas funcións serán as de seguimento, resolución dos problemas derivados da súa execución, propostas de mellora do mesmo e resolución de conflitos que poidan xurdir. A súa composición será a seguinte:

- Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o Director Xeral de Universidades, ou a persoa en quen delegue.
- Pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Directora Xeral de Comunicación Social ou a persoa en quen delegue.
- Pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, o Secretario Xeral ou a persoa en quen delegue.
- Pola Universidade de Santiago de Compostela, o Rector ou a persoa en quen delegue.
- Pola S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia o Director do CESGA ou persoa en quen delegue.
- Pola Universidade da Coruña, o Rector ou a persoa en quen delegue.
- Pola Universidade de Vigo, o Rector ou a persoa en quen delegue.

Sétima.- O presente Convenio terá vixencia durante cinco anos e considerarase prorrogado automaticamente por períodos similares salvo que sexa denunciado por algunha das partes cunha antelación mínima de 2 meses antes da súa finalización. Serán causas de resolución do convenio a non realización da finalidade do mesmo, así como calquera outro incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas. Neste suposto, e despois da reunión da Comisión de seguimento, poderá darse por resolto por calquera das partes o convenio, procedendo de se-lo caso, á devolución das achegas realizadas con destino específico se a súa finalidade non foi cumprida.

En proba de conformidade e obrigándose o seu cumprimento, asinan o presente documento no lugar e data indicados.

Pola Universidade da Coruña:

O RECTOR, José Luis Meilán Gil

Pola Universidade de Santiago de Compostela:

O RECTOR, Darío Villanueva Prieto

Pola Universidade de Vigo:

O RECTOR, Domingo Docampo Amoedo

Pola Consellería da Presidencia e Administración Pública:

O CONSELLEIRO, Jaime Pita Varela

Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

O CONSELLEIRO, Celso Currás Fernández

Pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo:

O CONSELLEIRO, Jesús Pérez Varela

Pola S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia:

O PRESIDENTE, Miguel A. Ríos Fernández

ANEXO II: ESTATUTOS

ESTATUTOS DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA

1.- Disposicións Xerais

1.1.- A Xunta de Galicia (a través da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento, da Dirección Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual), a Sociedade Anónima Centro de Supercomputación de Galicia, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo constitúen un Consorcio denominado "Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia" co obxectivo fundamental de mellora-la calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria e coas finalidades seguintes:

- a) Crear e xestiona-lo catálogo colectivo das bibliotecas do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, de maneira que se incremente a efectividade da investigación e da ensinanza ó aumenta-los recursos bibliotecarios dispoñibles de forma inmediata.
- b) Incrementa-la produtividade científica ó mellora-lo acceso da comunidade universitaria integrada no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ás coleccións bibliográficas existentes a través da información bibliográfica e do préstamo interbibliotecario.
- c) Mellora-los servizos bibliotecarios e aforrar custos na catalogación, ó compartir recursos xa existentes, especialmente rexistros bibliográficos e de autoridades.
- d) Experimentar e fomenta-la aplicación de novas tecnoloxías da información ós servizos bibliotecarios e potencia-la formación tecnolóxica do persoal que traballa nas bibliotecas.
- e) Crear e xestiona-lo servizo de Publicacións electrónicas e bases de datos referenciais.
- f) Adquisición de recursos documentais, ben sexa mediante o establecemento de plans cooperativos de adquisicións e/ou de contratos de subministro de publicacións mediante convocatorias públicas comúns ás tres universidades.

- g) Conexión a redes nacionais e internacionais.
- h) Elaboración de estudos xerais sobre as necesidades bibliográficas comúns.
- i) Colaborar noutras iniciativas que xurdan de cooperación interbibliotecaria e de catálogos colectivos, especialmente no ámbito galego.
- j) Calquera outra iniciativa de cooperación interbibliotecaria que poida xurdir e posibilite ou mellore outros servicios das bibliotecas do Consorcio de Bibliotecas Universitaria de Galicia.

1.2.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, ten carácter voluntario e indefinido, sendo unha entidade de dereito público rexida polos seus Estatutos e de maneira complementaria pola lexislación vixente.

1.3.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten personalidade xurídica propia e pode realizar actos administrativos, disposicións de bens, celebración de contratos, e en xeral, calquera outro acto para cumprir, de acordo coa lexislación vixente, os obxectivos establecidos nestes Estatutos.

1.4.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia poderá incorporar outras institucións previo acordo do Consello de Goberno e aceptación destes Estatutos por parte da institución solicitante e pasará a integrarse no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia con tódolos dereitos e obrigas do resto dos membros, e os seus representantes pasarán a formar parte do Consello de Goberno, na forma que se determine.

1.5.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia terá a súa sede no "Centro Superior Bibliográfico de Galicia" situado na Rúa do Hórreo, nº 61 en Santiago de Compostela.

Por acordo do Consello de Goberno poderase cambia-lo enderezo da sede do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

2.- Órganos de goberno

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia rexerase polos seguintes órganos:

- Consello de Goberno
- Comisión Técnica.
- Dirección Técnica.

2.1.- Consello de Goberno

2.1.1.- O Consello de Goberno: é o órgano superior do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e está formado por:

- Dous representantes da Universidade da Coruña.
- Dous representantes da Universidade de Santiago de Compostela.
- Dous representantes da Universidade de Vigo.
- Un representante da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual.
- Un representante da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.
- Un representante da Dirección Xeral de Universidades.
- Un representante da S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia.
- O Director Técnico do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, con voz pero sen voto.

2.1.2.- O Consello de Goberno disporá dos seguintes cargos:

- Presidente: o posto será desempeñado por un dos representantes das Universidades seleccionado polo órgano de Goberno. Este posto será rotatorio e de carácter bianual.
- Vicepresidente: o posto será desempeñado por un dos representantes da Xunta de Galicia, seleccionado pola propia Xunta de Galicia .
- Secretario: o posto será desempeñado polo Director Técnico do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

As reunións do Consello de Goberno poderán asistirlos membros da Comisión Técnica, con voz pero sen voto.

2.1.3.- Calquera cambio na representación das Institucións que formen parte do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia comunicarase a este no momento de producirse.

2.1.4.- As atribucións do Consello de Goberno son as seguintes:

- a) Aprobación da Memoria de Xestión do exercicio .
- b) Aprobación de contas e orzamentos.
- c) Aprobación do plan anual de actividades.
- d) Admisión de novos membros do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- e) Nomeamento ou cesamento do Director Técnico.
- f) Modificación, interpretación e desenvolvemento dos presentes Estatutos.
- g) Aprobación dos regulamentos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- h) Acordo de disolución e liquidación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- i) Actos de disposición do patrimonio do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- j) Exercicio de accións xudiciais.
- k) Creación de comisións de asesoramento sobre temas relacionados cos obxectivos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

2.1.5.- O presidente do Consello de Goberno representará legalmente ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia nos actos, convenios e contratos nos que deba intervir e perante as Autoridades e Tribunais de toda clase, para o cal poderá outorga-las autorizacións que estime oportuno.

2.1.6.- O Consello de Goberno reunirase en sesión ordinaria alomenos unha vez ó ano. Pódese reunir en sesión urxente por iniciativa do Presidente ou cando o soliciten como mínimo a terceira parte dos seus membros.

2.1.7.- O Secretario do Consello de Goberno redactará acta de cada reunión do Consello de Goberno.

2.1.8.- O Presidente do Consello de Goberno formalizará as convocatorias ás reunións do Consello do seguinte xeito:

- a) Convocatoria escrita incluíndo a orde do día.
- b) Antelación mínima, alomenos de 15 días agás as sesións extraordinarias que serán cunha antelación mínima de 3 días laborais.

2.1.9.- As sesións do Consello de Goberno quedarán constituídas cando se conte coa asistencia de, alomenos, a metade dos seus membros, máis o presidente e o secretario.

2.1.10.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos asistentes. No caso de empate, volverá a establecerse o asunto na seguinte sesión; se o empate persistira, a proposta será rexeitada.

2.1.11.- Deberá contarse co voto favorable de, alomenos, as dúas terceiras partes dos membros do Consello de Goberno para adoptar acordos relativos a:

- a) Proposta de admisión de novos membros no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- b) Proposta de modificación dos Estatutos e o seu desenvolvemento regulamentario.
- c) Nomeamento ou cesamento do Director do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- d) Modificacións na participación económica dos membros no patrimonio do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

2.1.12.- Deberá contarse co voto favorable da totalidade dos membros do Consello de Goberno nos seguintes casos:

- a) Para incrementar o orzamento anual de gastos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia sempre que dito incremento supoña aumentar a contribución dos membros.
- b) Para realizar modificacións na porcentaxe de participación dos membros no orzamento anual do Consorcio de Bibliotecas

Universitarias de Galicia prevista no apartado 3.1.a) dos presentes estatutos.

A modificación das obrigas financeiras das institucións do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, requirirán autorización previa, de forma expresa e por escrito, dos órganos de goberno destas institucións para o que estas se comprometen a verificalo coa urxencia necesaria respectando a lexislación vixente.

2.1.13.- Os acordos e actos do Consello de Goberno no non previsto nestes Estatutos, axustaranse á lexislación vixente sobre Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Común. As súas decisións esgotarán a vía administrativa, e contra estas poderá interpoñerse recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

2.2.- Comisión Técnica

2.2.1.- A Comisión Técnica é o órgano de administración, proposta e asesoramento, coas facultades que lle asigne o Consello de Goberno.

2.2.2.- A Comisión Técnica estará integrada por:

- O presidente do Consello de Goberno, que será tamén presidente da Comisión Técnica. O presidente da Comisión Técnica poderá delegar as súas funcións no Vicepresidente do Consello de Goberno.
- Os directores de Biblioteca das Universidades do Sistema Universitario de Galicia.
- O Director Técnico do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, que actuará tamén como Secretario.

2.2.3.- Son atribucións da Comisión Técnica:

- A proposta do Programa global de actividades.
- A proposta do orzamento, tarifas e cadro de persoal.
- A proposta de revisión do orzamento.
- O informe da memoria de xestión e balance do exercicio anterior.

- A proposta de admisión de novos membros.
- A proposta de modificación de Estatutos.
- A proposta de Regulamentos do Consorcio de Bibliotecas universitarias de Galicia.
- A proposta de exercicio de accións xudiciais.
- A creación de grupos de traballo de apoio técnico.

2.2.4.- A Comisión Técnica reunirse, convocada polo presidente, alomenos unha vez cada trimestre.

2.2.5.- Para a toma de decisións da Comisión Técnica deberán estar presentes alomenos a metade dos seus membros, así como o Presidente e o Secretario. Os acordos adoptaranse por maioría de votos emitidos.

2.3.- Dirección Técnica

2.3.1.- A Dirección Técnica é o órgano encargado da execución dos acordos e do cumprimento dos obxectivos marcados polo Consello de Goberno así como das tarefas de xestión e planificación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia no marco dos acordos adoptados polo Consello de Goberno.

2.3.2.- O Director Técnico desenvolverá as seguintes funcións:

- a) Dirección e coordinación das actividades do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- b) Elaboración e presentación da Memoria de Xestión e rendición de contas do exercicio anterior.
- c) Elaboración do anteproxecto de orzamentos.
- d) Proposta e execución do Plan Anual de actividades.
- e) Análise técnica de admisión de novos membros no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- f) Proposta de regulamentos de operación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
- g) Proposta de operacións de crédito destinadas a cubrir necesidades de tesourería.
- h) Contratación de persoal.

- i) Xestión de pagos e ingresos de acordo co orzamento.
- j) Dirección do persoal do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia así como contratacións de obras, bens e servizos.
- k) Establecer contactos con terceiras institucións e organismos para levar a cabo os obxectivos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia dando conta ó Consello de Goberno.
- l) Manter informado ó Presidente dos temas que excedendo as súas atribucións, pola súa urxencia, poidan afectar á consecución dos obxectivos marcados polo Consello de Goberno.
- m) Propoñer á Comisión Técnica a creación de grupos de traballo de apoio técnico.
- n) Calquera outra función que lle sexa delegada expresamente polo Consello de Goberno.

3.- Réxime de financiamento

3.1.- Achegas para gastos de funcionamento.

Para a realización dos seus obxectivos o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia financiarase cos seguintes recursos:

- a) A Xunta de Galicia e as Universidades do Sistema Universitario de Galicia contribuirán anualmente ó financiamento do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia cun importe mínimo de 305.950.000.-ptas. (1.836.993,50 euros) dos que 29.150.000.-ptas. (175.195.03 euros) se destinarán a financiar gastos correntes do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e 276.800.000.-ptas. (1.663.601,50 euros) a investimentos. A este fin cada socio contribuirá coa porcentaxe seguinte:

ENTIDADE	APORTACIÓN A GASTOS CORRENTES (%)	APORTACIÓN A INVESTIMENTOS (%)
Xunta de Galicia -Cons. Educación e O.U.	26	12,75
Xunta de Galicia-Cons. Cultura e C.Social	39	0
Xunta de Galicia-S. Xeral I+D	0	72,25
Universidades (UDC, USC e UVI)	35*	15*

*: cada universidade aportará a terceira parte

- b) Achegas, subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo recibidas de institucións públicas ou privadas ou de particulares, previo acordo do Consello de Goberno.
- c) Cotas de utilización de usuarios.
- d) Calquera outra que lle corresponda percibir.

3.2.- Para a realización dos seus obxectivos, o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia recibirá as seguintes cesións de uso por tempo indefinido do equipamento procedente das institucións que a continuación se relacionan:

- Consellería de Cultura, Comunicación Social e Audiovisual:
 - 3 Servidores de datos para Publicacións Electrónicas: 10.700.000 ptas.
- S.A.X. Centro de Supercomputación de Galicia: non contribuirá ó financiamento de ningún gasto do consorcio e unicamente cede o uso, por tempo indefinido, do material seguinte:
 - Servidor de datos GP7000: 38.448.530 ptas.
 - Software Innopac: 68.770.500 ptas.

3.3.- O consorcio ten a consideración de Administración instrumental, e, polo tanto, debe aplicárselle o dereito administrativo e estará sometido á Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Concretamente deberá aplica-la normativa que en cada caso se indica para as seguintes materias:

- a) En materia de persoal: normativa sobre función pública ou Convenio Colectivo da Xunta de Galicia e demais normativa laboral para a cobertura de postos de persoal laboral.
- b) En materia de contratación administrativa: texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, e a restante normativa complementaria.
- c) En materia económico-financeira e orzamentaria: Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como a restante normativa complementaria.

4.- Baixa de membros e disolución

4.1.- A baixa de calquera das entidades que forman o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia será notificada ó Presidente do Consello de Goberno quedando obrigada a devandita entidade a cumprir con tódolos compromisos asumidos ata a conclusión do exercicio orzamentario en vigor, sen que resulten prexudicados os intereses do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia poderá exercer contra a entidade que o abandone sen cumprir tódolos compromisos asumidos, as accións legais que sexan pertinentes.

4.2.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia poderase disolver por acordo unánime das entidades que integran o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ou por imposibilidade legal ou material de cumprila súa finalidade.

O acordo de disolución deberá determina-lo procedemento a seguir así como a distribución do seu patrimonio e a liquidación de tódolos seus bens, incluídos os derivados da propiedade intelectual das bases de datos bibliográficas.

5.- Réxime Xurídico

O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, como entidade pública rexérase polos presentes Estatutos, os regulamentos que o desenvolvan e, de maneira supletoria:

- a) Pola lexislación de aplicación ás Universidades, en especial, a organización e funcionamento dos seus órganos de goberno.
- b) Pola normativa que regule os dereitos de propiedade intelectual.
- c) Pola lexislación que sobre bibliotecas e consorcios de bibliotecas poida dictarse no futuro.

ANEXO III: CONVENIO SEDE DO CONSORCIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A UTILIZACIÓN DO LOCAL QUE SERÁ A SEDE DO DEVANDITO CONSORCIO

En Santiago de Compostela, a trinta e un de outubro de dous mil dous

REUNIDOS

Por unha parte, o Excmo. Sr. D. JESUS PEREZ VARELA, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo , actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, e das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E por outra parte, o Excmo D. Eduardo García-Rodeja Gayoso, Presidente do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, CIF Q1500279C, actuando en nome e representación deste organismo, acorde có acta de constitución de data 29 de novembro de 2001.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

MANIFESTAN

1. Que con data do 18 de outubro de 2001 a Consellería da Presidencia e Administración Pública, a través da Secretaría Xeral de Investigación e desenvolvemento, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Sociedade Anónima Centro de Supercomputación de Galicia e as tres

universidades de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, autorizado polo Consello da Xunta do 11 de outubro de 2001.

2. Que mediante Resolución do 14 de novembro de 2001 se ordena a publicación do citado convenio de colaboración asinado o 18 de outubro de 2001 e dos estatutos do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

3. Que nos estatutos do citado consorcio, na disposición xeral 1.5. cítase textualmente "O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia terá a súa sede no "Centro Superior Bibliográfico de Galicia" situado na Rúa do Hórreo, nº 61 en Santiago de Compostela.

Por todo o exposto, ámbalas dúas partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, sendo propietaria do edificio situado en Santiago de Compostela na Rúa Hórreo, nº 61, comprométese a que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia poida facer uso do local que se detalla no Anexo I, para establecer a sede do devandito consorcio.

Segunda.- A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo farase cargo da adecuación e mantemento das instalacións (con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.351 A 212.00 da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), así como dos gastos de luz e auga do edificio situado en Santiago de Compostela na Rúa Hórreo, nº 61, que se efectuarán con cargo á aplicación orzamentaria 10.01. 351 A 221.00 e 10.01. 351 A 221.01 respectivamente, da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Terceira.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia adquirirá o mobiliario e equipamento que precise para o desenvolvemento dos seus servicios bibliotecarios.

Cuarta.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia farase cargo dos seus gastos de telefonía, habilitando unha partida orzamentaria para tal fin.

Quinta.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia comprométese a seguir as pautas marcadas pola Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, a través do Centro Multimedia de Galicia, radicado no mesmo edificio da rúa do Hórreo nº61, en canto á infraestrutura da rede.

Sexta.- O presente convenio producirá efectos dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante un ano e considerarase prorrogado automaticamente por período similar salvo que sexa denunciado por algunha das partes cunha antelación mínima de 2 meses antes da súa finalización.

Sétima.- O presente convenio poderá extinguirse por:

- Mutuo acordo entre as partes
- En caso de incumprimento por algunha das partes dos compromisos adquiridos no presente convenio
- Revogación da Administración de acordo co disposto no artigo 125 do Regulamento de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 50/1989, do 98 de marzo.


Oitava.- O presente Convenio terá natureza administrativa e corresponderá os órganos da Xunta de Galicia resolver as dúbidas que plantexe a súa interpretación, previa audiencia da outra parte, e á xurisdicción contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo poidan derivarse.

En proba de conformidade e obrigándose ó seu cumprimento, asinan o presente documento no lugar e data indicados.

Excmo. Sr. D. Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

D. Eduardo García-Rodeja Gayoso
Presidente do Consorcio de
Bibliotecas Universitarias de Galicia

ANEXO I



ANEXO IV: CONVENIO RED DE BIBLIOTECAS DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO DE INCORPORACIÓN DAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS A UN SISTEMA MULTIMEDIA DE XESTIÓN BIBLIOTECARIA EN REDE

En Santiago de Compostela, a trinta e ún de outubro de 2002

REUNIDOS

Por unha parte, o Excmo. Sr. D. JESUS PEREZ VARELA, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 308/2001, do 15 de decembro, e das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E por outra parte, o Excmo. D. Eduardo García-Rodeja Gayoso, Presidente do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, CIF Q1500279C, actuando en nome e representación deste organismo, acorde có acta de constitución de data 29 de novembro de 2001.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- .- Que a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual, está a desenvolver unha política de potenciación das novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio de achega-la realidade galega ó cidadán, favorece-lo seu desenvolvemento integral, reforza-la identidade galega e mellora-los servicios que a Xunta de Galicia, como Administración Autónoma, presta á sociedade galega, para elo puso

en marcha un proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede, ubicado nas instalacións do Centro Multimedia de Galicia

- SEGUNDO.-** Que o software adquirido pola Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual para a xestión da Rede de Bibliotecas de Galicia é *Innopac Millennium* da empresa *Innovative Interfaces*.
- TERCEIRO.-** Que o Consorcio de Bibliotecas Universitaria de Galicia é unha entidade de dereito público con personalidade propia que ten como obxectivo fundamental mellora-la calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria, xestionando a tal fin o catálogo colectivo das bibliotecas integradas no mesmo.
- CUARTO.-** Que o Consorcio de Bibliotecas Universitaria de Galicia administra o seu propio sistema de xestión *Innopac Millennium* para a xestión de bases de datos bibliográficas das Universidades galegas
- QUINTO.-** Que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia dispón de persoal cualificado e con experiencia na xestión e administración do software *Innopac Millennium*.
- SEXTO.-** Que o Consorcio e a Consellería consideran conveniente colaborar a posta en marcha do proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

Na súa virtude, as partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

- PRIMEIRA.-** O obxecto deste convenio é establecer as normas polas que se regulará a colaboración entre a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, para a posta en marcha do proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.

SEGUNDA.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia comprométese a:

- 1.- Colaborar na posta en marcha do sistema de xestión *Innopac Millennium* da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 2.- Administrar dito sistema de xestión, baixo a coordinación e supervisión da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
- 3.- Formar nos diferentes módulos do sistema (catalogación, circulación,...) ás bibliotecas que se incorporen ó Sistema de xestión *Innopac Millennium* da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 4.- Dar soporte on-line e telefónico sobre as posibles incidencias e dúbidas relacionadas co funcionamento do software *Innopac Millennium* da Rede de Bibliotecas de Galicia.

TERCEIRA.- A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo comprométese ó seguinte:

- 1.- Coordinar el proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede.
- 2.- Supervisar a administración do sistema de xestión *Innopac/ Millennium* adquirido para a xestión da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- 3.- Aportar o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia a cantidade de 41.000 € para que éste se dote del personal técnico necesario para dar soporte o proxecto de incorporación das bibliotecas públicas a un sistema multimedia de xestión bibliotecaria en rede, con cargo a aplicación orzamentaria 10.04.361 A 640.1 dos orzamentos vixentes. O pagamento deste importe efectuarase previa certificación do Presidente do Consello de Goberno do citado organismo, na que se aproben os xustificantes de gastos derivados da execución do convenio e coa conformidade do Director Xeral de Comunicación Social e Audiovisual

CUARTA.- O presente convenio producirá efectos dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2002 .

QUINTA.- O presente convenio poderá extinguirse por:
-Mutuo acordo entre as partes
En caso de incumprimento por algunha das partes dos compromisos adquiridos no presente convenio.

SEXTA.- O presente Convenio terá natureza administrativa e corresponderá os órganos da Xunta de Galicia resolve-las dúbidas que plantexe a súa interpretación, previa audiencia da outra parte, e á xuridición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo poidan derivarse.

En proba de conformidade e obrigándose ó seu cumprimento, asinan o presente documento no lugar e data indicados.

Pola Consellería de Comunicación Social e Audiovisual Polo Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia

Asdo: Jesús Pérez Varela

Asdo. Eduardo García Rodeja-Gayoso

ANEXO V: CONVENIO INNOPAC UNIVERSIDADE DE VIGO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA PARA COMPARTIR O USO DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BIBLIOTECAS INNOPAC ADQUIRIDO PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA.

Santiago de Compostela, trinta e un de outubro de dous mil dous

REUNIDOS

Dunha parte, Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Rector Magnífico de la Universidade de Vigo en virtude da competencia atribuída no artigo 97 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

E por outra parte, o Excmo. D. Eduardo García-Rodeja Gayoso, Presidente do Consello de Goberno do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, CIF Q1500279C, actuando en nome e representación deste organismo, acorde có acta de constitución de data 29 de novembro de 2001.

EXPONEN

PRIMEIRO.-Que con data catro de decembro de 1998, a Xunta de Galicia e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña y Vigo asinaron un Protocolo de intencións para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia.

SEGUNDO.-Que con data 18 de outubro de 2001 asinouse un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Consellería de Presidencia e Administración Pública, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a Sociedade Anónima Centro de Supercomputación de Galicia e as tres universidades de Galicia para a creación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

TERCEIRO.-Que o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia ten como obxectivo fundamental a continúa mellora da calidade dos servizos bibliotecarios a través da cooperación interbibliotecaria e, ademais ten, cedido polo CESGA, o uso, por tempo indefinido, do servidor de datos GP7000 e do software Innopac adquiridos para o desenvolvemento da Rede de Bibliotecas de Galicia.

CUARTO.-Que a Universidade de Vigo ten, entre os seus obxectivos, proporcionar o mellor servizo bibliotecario a súa comunidade universitaria e colaborou na implantación do software Innopac cedido ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Deste interese compartido, as partes asinantes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia asume a administración, xestión e mantemento do servidor GP7000 e a administración e xestión do software Innopac.

SEGUNDA.-O custo do mantemento do software Innopac compartirase entre a Universidade de Vigo e o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, en función dos módulos utilizados por cada entidade. Este mantemento será revisado anualmente polo incremento do IPC correspondente a cada ano. No momento da sinatura deste Convenio de Colaboración, o custo do mantemento do Software Innopac para o ano 2002 correspondente á Universidade de Vigo ascende a 29.581,85 € (4.922.007 ptas.), IVA incluído. No Anexo inclúense a relación de produtos do SW Innopac.

TERCEIRA.-Forma de pago do mantemento: A Universidade de Vigo efectuará o pago ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia con cargo á aplicación orzamentaria 0022122B226.09 do ano 2002.

CUARTA.- O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia será o único interlocutor válido ante a empresa Innovative Interfaces en asuntos financeiros.

QUINTA.-O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia delega na Universidade de Vigo a responsabilidade do bo funcionamento (derivado da parametrización) daqueles módulos do software Innopac que sexan utilizados única e exclusivamente pola súa Biblioteca Universitaria.

SEXTA.-A Universidade de Vigo designará entre o seu persoal, un Coordinador do sistema Innopac, que figurará como contacto no directorio persoal de Innovative Interfaces.

SÉTIMA.- A Universidade de Vigo poderá solicitar ó Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia todos aqueles produtos do software Innopac que necesite para a adecuada xestión da súa Biblioteca Universitaria, asumindo os custos que se deriven.

OITAVA.-O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia e a Universidade de Vigo actuarán conxuntamente na toma de decisións que afecten o desenvolvemento do software Innopac utilizado por ámbalas dúas entidades.

NOVENA.-O presente convenio terá vixencia ata o trinta e un de decembro de 2002 e poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes, previa revisión de prezos, salvo que sexa denunciado por algunha delas, cunha antelación mínima de dous meses antes do seu remate.

DÉCIMA.- Serán causas de resolución del convenio a non realización da finalidade de este, así como calquera outro incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas.

E para que así conste, en proba de conformidade, asinan o presente convenio

O Presidente del Consorcio de
Bibliotecas Universitarias de Galicia

O Rector da Universidade de Vigo

Asdo.: Eduardo García-Rodeja Gayoso

Asdo.: Domingo Docampo Amoedo

ANEXO

MÓDULOS E PRODUCTOS UTILIZADOS POLA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE VIGO – ANO 2002

MODULO DE CATALOGACIÓN E ADMINISTRACIÓN DO SISTEMA

Database Maintenance
JAVA Management Information
Ability to create Item record
Powerwatch for UPS
File Transfer Software
Authority Control
Automatic Output to Other OPAC
Cataloging Workstation for Windows

OPAC E Z39.50

OPAC
OPAC Gateway for Ext Connections
Z39.50 Client - Add Broadcast Searching
Z39.50 Client & Server (201B & 201C-1)
Web Server (Web OPAC)
Export/Create Bibliography
Menus in Other Languages

PRÉSTAMO

Circulation
JAVA Circulation
Reserve Book Room (Courses & Titles)
Electronic Course Reserves (Images)
Inventory control (excl Circ workstation)
Circulation notices via Email
PC-CIRC Program (site licence)
Recording Items Used In-house

ADQUISICIÓN

Acquisitions (incl 400A,402-407)
Order records
Electronic ordering (EDI) -via email

CONTROL DE SERIADAS

JAVA Serials
Serials Check-in
Checkin records
Holdings Records
Serials Claiming
Serials claims via X.12 / email

PRÉSTAMO INTERBIBLIOTECARIO

Inter-Library Loan Module
Send ARTEmail ILL Req to BL
Send Email ILL requests

LICENCIAS

User Licences - Users 70

ANEXO VI: PLAN DE ACTIVIDADES 2002

O plan de actividades para o 2002, proposto pola Comisión Técnica e aprobado polo Consello de Goberno, foi o seguinte:

1. Análise da viabilidade da creación dunha base de datos común de teses dixitalizadas das tres universidades galegas.
2. Posta en marcha do Catálogo Colectivo de Bibliotecas Universitarias de Galicia.
3. Estudio da posibilidade de creación dun tesouro/listado de autoridades galego - castelán. Traducción das materias ó galego, referenciadas dende o castelán.
4. Organización de Cursos de Formación, o ben en colaboración có resto de Consorcios de España o solo nosos. Estes cursos incluírían tamén a oferta de Greendata de propoñer formación nas bases de datos que queiramos.
5. Análise de ofertas dos servicios existentes no mercado das publicacións electrónicas.
6. Formación de grupos de traballo en función das actividades a realizar. Polo de pronto, habería dos grupos: uno de referencia e outro de hemeroteca.
7. Estudio da posibilidade de negociación conxunta coas editoriais de Revistas electrónicas. Tamén a través dunha negociación colectiva dos Consorcios de España.
8. Organización dunha Xornada de presentación do noso Consorcio.
9. Posibilidade de unificación das aplicacións informáticas das tres bibliotecas universitarias, posible financiamento do Consorcio.

ANEXO VII: PERFILES DO PERSOAL

PERFIL DO DIRECTOR TÉCNICO

1.- REQUÍRESE:

- 1.1.-Titulado superior ou Diplomado en Biblioteconomía e Documentación.
- 1.2.-Experiencia en dirección, xestión e orzamentos.
- 1.3.-Coñecemento e experiencia demostrable en novas tecnoloxías aplicadas á xestión de bibliotecas, bases de datos referenciais e publicacións electrónicas.
- 1.4.-Galego falado e escrito.
- 1.5.-Inglés técnico.

2.- VALÓRASE:

- 2.1.- Experiencia en Bibliotecas Universitarias o Consorcios de Bibliotecas Universitarias
- 2.2.- Experiencia en determinación, planificación, implantación, seguimento e avaliación de proxectos bibliotecarios.
- 2.3.- Experiencia en implantación de sistemas mecanizados de xestión de bibliotecas.
- 2.4.- Experiencia en xestión de proxectos con cooperación entre diferentes institucións.
- 2.5.- Capacidade de liderato e experiencia de traballo en equipo.
- 2.6.- Experiencia en procedementos económico- administrativos das administracións públicas.

PERFIL DO BIBLIOTECARIO DO SISTEMA

1.- REQUÍRESE:

- 1.1.-Titulado superior ou Diplomado en Biblioteconomía e Documentación.
- 1.2.-Experiencia demostrable no uso de sistemas de xestión de bibliotecas.
- 1.3.-Galego falado e escrito.
- 1.4.-Inglés técnico.

2.- VALÓRASE:

- 2.1.- Experiencia en administración de sistemas de xestión de bibliotecas.
- 2.2.- Experiencia en o mantemento de catálogos colectivos.
- 2.3.- Experiencia de traballo en equipo.
- 2.4.- Experiencia na comprensión e utilización de ferramentas informáticas.

PERFIL DO ANALISTA-PROGRAMADOR

1.- REQUÍRESE:

- 1.1.- Diplomado ou FP Superior
- 1.2.- Experiencia en tecnoloxías web: administración y programación (Apache, IS, HTML, CGI, perl, php, java,...)
- 1.3.- Experiencia en administración de servidores Unix e W2000
- 1.4.- Inglés técnico

2.- VALÓRASE:

- 2.1.- Experiencia en soporte de publicacións electrónicas e bases de datos referenciais
- 2.2.- Coñecemento de aplicacións de xestión de bibliotecas.
- 2.3.- Experiencia en administración de WAN/LAN
- 2.4.- Experiencia en O.S. Solaris y Linux.

ANEXO VIII: ORZAMENTO 2002

ORZAMENTO ANO 2002

1. GASTOS CORRENTES

SERVICIOS E SUMINISTROS

		PESETAS	EUROS
607.0000	Traballos realizados por outras empresas	9.628.000	57.865,45
622.7000	- Mantenimento equipos (servidores, Hw, Sw, etc.)	8.969.606	53.908,42
623.0000	Servicios Profesionais Independentes e empresas consultoras	1.100.000	6.611,13
627.0000	Publicidade, propaganda e relacións públicas	1.993.013	11.978,25
629.0000	Material de Oficina e Consumibles	1.006.386	6.048,50
629.6000	Gastos non diferenciados	500.000	3.005,06
629.7000	Suministros : Comunicaci3ns (gastos tel3fono)	500.000	3.005,06
629.8000	Comunicaci3ns (correos, mensaxeiros, transportes)	200.000	1.202,02
629.8001	Gastos viaxes	800.000	4.808,10
TOTAL GASTOS DE SERVICIOS E SUMINISTROS		24.697.005	148.431,99

TRIBUTOS

631.0000 Tributos

GASTOS DE PERSOAL

640.0000	N3minas e Seguridade Social	8.825.000	53.039,32
644.0000	Formaci3n e perfeccionamento do persoal	550.000	3.305,57
TOTAL GASTOS DE PERSOAL		9.375.000	56.344,89

TOTAL GASTOS CORRENTES

34.072.005

204.776,88

2. INVERSI3NS

216.0000	Inmovilizado Inmaterial(licencias uso software)	273.760.159	1.645.331,69
227.0000	Inmovilizado material(equipos para proceso da informaci3n)	3.039.841	18.269,81

TOTAL GASTOS DE INVERSI3N

276.800.000

1.663.601,50

TOTAL GASTOS

310.872.005

1.868.378,38

3. INGRESOS

750.0000	Transferencias correntes	34.072.006	204.776,88
755.0000	Transferencias de capital	276.799.999	1.663.601,50
TOTAL INGRESOS		310.872.005	1.868.378,38